

ANUNCIO POLO QUE SE FAI PÚBLICA A DATA, LUGAR E HORA DE PUBLICACIÓN DO FALLO DO XURADO DESIGNADO NO "CONCURSO ABERTO PARA A REMODELACIÓN DOS TERREOS QUE OCUPA O PORTO DE PORTONOVO E A SÚA CONTORNA NO CONCELLO DE SANXENXO (PROVINCIA DE PONTEVEDRA). EXPEDIENTE: PRG-2021-0243, E CONSEGUINTE ACTO PÚBLICO DE APERTURA DOS SOBRES Nº 1 "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA-IDENTIDADE DOS CONCURSANTES".

O Xurado designado para o fallo do "Concurso aberto para a remodelación dos terreos que ocupa o Porto de Portonovo e a súa contorna no Concello de Sanxenxo (Provincia de Pontevedra). Expediente: PRG-2021-0243, na súa sesión celebrada no día 6 de xuño de 2022, entre outros, tomou os seguintes acordos:

1. Por unanimidade do Xurado acórdase, conforme á base 9 do Prego de Bases, proceder a anunciar en acto público, o vindeiro 8 de xuño de 2022, ás 13:00 horas, no lugar da sala de reunións da Casa do Concello de Sanxenxo situado na Rúa Madrid, nº 1; Sanxenxo (Pontevedra), o pronunciamento do fallo, determinando as propostas gañadoras e a asignación motivada dos premios dos finalistas. Así mesmo, darase publicidade a través do Perfil de contratante e na páxina web da entidade pública empresarial Portos de Galicia, no portal web do Concello de Sanxenxo e dos Colexios de Arquitectos de Galicia e de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia.
2. Por unanimidade do Xurado acórdase, conforme á base 9 do Prego de Bases, que unha vez feito público o fallo do Xurado (que se elevará ao Perfil de contratante da entidade pública empresarial Portos de Galicia, a súa páxina web así como aos portais do Concello de Sanxenxo, e do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia), procederase á apertura, en acto público, dos Sobres nº1 "Documentación Administrativa", para os efectos de revelar a identidade dos concursantes premiados, así como a daqueles non premiados que non optaran expresamente polo anonimato, tanto na súa identidade na exposición pública dos traballos, como na súa posible publicación en papel ou na web (base 10 do Prego de Bases). O devandito acto público terá lugar o vindeiro 8 de xuño de 2022, ás 13:30 horas, no lugar da sala de reunións da Casa do Concello de Sanxenxo situado na Rúa Madrid, nº 1; Sanxenxo (Pontevedra)

Asinado electronicamente

A Presidenta do Xurado -Susana Lenguas Gil-	O Secretario do Xurado -Manuel Bautís Cheda-
--	---

